



## II CONCURSO DE MICRORRELATOS

UNHA HISTORIA, UN PERSONAXE, UNHA ACCIÓN E 70 PALABRAS. O DESAFÍO DE ESCRIBIR UN MICRORRELATO OBRIGA A DICIR MÁIS CON MENOS.



O departamento de Biblioteca e o Equipo de Dinamización da Lingua Galega proponvos o II concurso de relatos curtos encadeados.

Cada trimestre este equipo escollerá tres relatos finalistas que serán expostos tanto no corredor do terceiro andar como na páxina web do centro para que votedes polo voso relato favorito.

Os gañadores trimestrais competirán ao final de curso polo premio ao mellor microrrelato desta segunda edición de relatos encadeados.

### BASES E NORMAS DO CONCURSO

- A frase de inicio dos microrrelatos será a última frase do último texto gañador. Podes non comezar o teu microrrelato con esta frase sempre que estea incluída nel, non sendo nunca a última frase do mesmo (así evitamos repetir frase).
- A extensión dos microrrelatos non poderá superar as 70 (setenta) palabras (sen incluír a frase se inicio).
- Podes entregar o teu microrrelato a calquera membro do equipo de Dinamización da Lingua Galega ou entrégalo en conserxería poñendo indicando a quen vai dirixido –DNLG-. As datas de entrega serán:
  - Do día 1 de novembro ata o día 30 de novembro para o 1º trimestre.
  - Do día 1 de marzo ata o día 30 de marzo para o 2º trimestre.
  - Do día 1 de maio ata o día 30 de maio para o 3º trimestre.
- Debes aportar os teus datos persoais á hora de entregar o teu microrrelato: nome, apelidos e curso (escritos xa no mesmo folio no que entregas o microrrelato). Non se aceptarán pseudónimos.
- Este microrrelato deberá entregarse escrito en lingua galega e con título.
- Os autores responden ante o equipo de dinamización lingüística do centro EPA RÍO LÉREZ da autoría e orixinalidade do microrrelato, asumindo a total responsabilidade.
- Os participantes cederán ao Centro EPA RÍO LÉREZ os dereitos de distribución, reprodución e comunicación pública dos microrrelatos entregados. En ningún caso dous ou máis microrrelatos dun mesmo autor poderán ser finalistas un mesmo mes.